

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 26 de decembro de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e seis de decembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1604).- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ESTABLECEMENTO, MELLORA E AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS NO PARQUE CENTRAL DE TEIS. EXPTE. 3670/213.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/12/14,dáse conta do informe-proposta do 19/12,do subxefe do servizo de Extinción de Incendios, conformado polo concelleiro delegado de área que di o seguinte:

*"A Xunta de Goberno, na sesión extraordinaria e urxente do día 13 de novembro de 2013, aprobou a contratación das obras de establecemento, mellora e ampliación dos servizos de extinción de incendios no Parque Central de Teis do Servizo de Bombeiros, os pregos de cláusulas técnicas e administrativas particulares, así como a súa tramitación urxente.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27 de decembro de 2013 adoptou o acordo de adxudicación do procedemento aberto para a contratación da obras de mellora e ampliación do parque Central de Teis á empresa Misturas, S.A. Por un prezo total de 878.526,55 euros (IVE incluído) e un prazo de execución do contrato será de SETE meses.*

*En data 19 de maio de 2014 asinase a acta de comprobación de replanteo e inicio de obras pola empresa Misturas, S.A., os arquitectos municipais Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso e a aparelladora municipal Beatriz Alonso Asenjo.*

*A data de finalización da obra sería o 19 de decembro de 2014 (sete meses a contar dende a sinatura da acta de comprobación de replanteo).*

*Con data 10 de decembro de 2014 a empresa Misturas, S.A. Presenta escrito solicitando unha ampliación do prazo de execución da obra de dous meses, alegando que a aparición imprevista dunha canalización de auga subterránea e a natureza do terreo motivaron que a execución dos micropilotaxes se desenvolveran cun rendemento excesivamente pequeno o que motivou un atraso na execución da obra e ocasionando a necesidade dunha ampliación do prazo de execución.*

*Á vista da solicitude de ampliación do prazo de execución da obra formulada pola empresa Misturas, S.A, os técnicos municipais redactores do proxecto e directores da obra con data 12 de decembro de 2014 emiten informe favorable á ampliación de prazo solicitado por un conxunto de situación que consideran imprevistas,*

*Aparición de excesiva auga ao realizar a nova cimentación para soportar o forxado da planta de dormitorios polo que se considerou a necesidade de executalo con micropilotaxe con camisa para minimizar o efecto de lavado e expulsión de material do subsolo a través da perforación dos micropilotes que podería por en perigo a estabilidade do edificio xa que podería chegar a descalzar as zapatas existentes. A execución dos micropilotaxes con camisa leva consigo un maior prazo de execución destas partidas de obra.*

*Ademáis, unha vez iniciados os traballos derrubáronse varios tabiques existentes no garaxe para poder executar as perforación dos micropilotaxes. Ao realizar este derrube comprobouse a existencia de oxidacións en fisuras en varias zonas de muros e vigas que comprometían a estabilidade estrutural destes elementos o que fixo necesario executar a reparación co carácter previo á execución do novo forxado do chan da planta primeira. A execución destes reparación nas estruturas do nivel do soto supuxo un atraso na execución das outras partes de obra o que leva a un atraso xeral no prazo de execución do conxunto da obra.*

*Na execución das perforacións para os micropilotaxes xurdiu a necesidade de modificar los planos de cimentación para adaptalos as características das cimentacións e dos elementos existentes no subsolo dos que non se tiña constancia no momento da redacción do proxecto de execución,*

- Deixáronse ao descuberto a cimentación corrida do muro de formigón armado de contención de terras do perímetro do soto, comprobando que tiña unha dimensión moi inferior á prevista polo que tiveron que adaptarse os planos de cimentación para contemplar a execución dunha nova cimentación dos novos elementos totalmente independentes da cimentación existente.*
- Un dos micropilotes perforou a bóveda dunha canalización de auga que pasa por debaixo do garaxe polo que foi necesario replantexar o trazado desta galería subterránea e adaptar a posición dos micropilotes para que no se situaran sobre esta bóveda de canalización. A redacción destas modificación na definición das novas cimentacións supuxo tamén un atraso na execución destas partidas de obra e polo tanto do conxunto dos traballos.*
- Con data 17 de decembro de 2014 emite informe o Asesoror Xurídico da Área de Seguridade e Mobilidade.*

- O 18 de decembro de 2014 a Intervención Xeral emite informe de fiscalización do expediente solicitando a aclaración de aspectos do informe técnico e inclusión na proposta da previsión sinalada polo asesor xurídico.
- A obra que queda pendente para o exercicio de 2015 financiarase cos créditos que se prorroguen ao ano 2015.

Polo exposto, á vista dos informes que figuran no expediente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*“1. Ampliar o prazo de execución da obra de Establecemento, mellora e ampliación dos servizos de extinción de incendios no Parque Central de Teis do Servizo de Bombeiros en DOUS MESES, como consecuencia do conxunto de situacións imprevistas que xurdiron durante a execución do contrato reflectidas nos informes dos técnicos municipais directores da obra de data 12 e 19 de decembro de 2014, que non resultaron predecibles no momento da redacción do proxecto executivo nin sendo achacables á propia obra.*

*2. O presente acordo condiciónase na súa validez e eficacia á renuncia expresa, polo adxudicatario, á reclamación de ningunha indemnización ou compensación fronte ao Concello de Vigo por mor da prórroga autorizada na execución do contrato, e que deberá presentar no prazo de dez días hábiles a contar dende a recepción deste acordo”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**2(1605).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS, S.A., POLOS SERVICIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NA PINACOTECA “FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO” NO PERÍODO OUTUBRO-DECEMBRO 2014. EXPTE. 390/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de fiscalización e xurídico, ambos do 22/12/14, dáse conta do informe-proposta do 19/12/14, do xefe do servizo de Promoción Cultural conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“Con data 19 de decembro de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos resolveu que pola xefatura do servizo de Xestión e Promoción Cultural, como responsable da citada área en base á encomenda de funcións de data 19 de xullo de 2011 e namentres se aclara por parte do concelleiro a estrutura de funcionamento xeral e das funcións dos distintos postos da rede de Museos, se inicie o expediente para a indemnización substitutiva a favor da empresa Servicios Securitas SA, pola realización de servizos de atención ao público na Pinacoteca Francisco Fernández del Riego, realizados fóra de relación contractual, no período outubro-decembro de 2014; presentada no Rexistro Xeral do Concello con data 18 de decembro de 2014. Os servizos facturados contan coa conformidade da Xefatura do Servizo de Museos.*

*A Pinacoteca Municipal inaugurouse en marzo de 2011, e despois dun período de peche por cuestións de mantemento entre agosto e novembro dese ano, reabriuse o 30 de novembro xa de forma ininterrompida; nos meses indicados de 2011, os servizos de atención ao público realizáronse nuns casos con expedientes de gasto menor, e noutros sen cobertura económica, tendo que realizarse recoñecementos extraxudiciais de crédito incluídos no orzamento municipal de Patrimonio Histórico para 2012.*

Por outra banda, o citado orzamento municipal para 2012 por primeira vez aglutinou nun único programa presupostario (330) as distintas dependencias museísticas que se xestionaban por distintos servizos e con cargo a programas presupostarios distintos:

- Casa das Artes e Casa Galega da Cultura (Cultura)
- Verbum-Casa das Palabras
- Museo “Quiñones de León”
- Pinacoteca Municipal (incluída en Patrimonio Histórico no 2011)

Con data 10 de xullo de 2012, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolveu autorizar diversas redenominacións de postos, readscripcións e traslados de persoal dentro do Área de Cultura e Festas, en virtude das que se conforma unha nova organización do Servizo de Museos Municipais e por parte deste servizo emitiuse informe á concelleira-delegada da Área relativo á necesidade de normalizar a situación contractual dos servizos de atención ao público nas dependencias da rede museística e expositiva do Concello de Vigo.

Con data 5 de setembro de 2012 a concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas resolveu “que polo xefe do servizo de museos municipais se inicie o expediente para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias e actividades dos centros e servizos integrados na rede museística e expositiva da Área de Cultura e Festas (Museo Municipal “Quiñones de León”, Pinacoteca “Francisco Fernández del Riego, Casa das Artes, Casa Galega da Cultura, Verbum-Casa das Palabras e outras que se consideren)”.

A principios da anualidade de 2013, a concellería-delegada da Área considerou necesaria a continuidade da prestación do servizo de atención ao público, na Pinacoteca “Francisco Fernández del Riego”, coas mesmas características que se viñan prestando ata daquela, coa empresa de servizos de atención ao público, Servicios Securitas S.A., que realizaba o servizo con total corrección, polo que podía continuar prestándoo; para evitar o peche ao público de equipamentos que ademais de prestar servizos culturais difunden as coleccións artísticas do patrimonio municipal. Durante esta anualidade o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos tamén ratificou a continuidade das prestacións dos servizos de atención ao público; para evitar o peche ao público de equipamentos que ademais de prestar servizos culturais difunden as coleccións artísticas do patrimonio municipal.

A demora na xestión do procedemento de contratación para normalizar a situación contractual dos servizos de atención ao público débese a varios factores: a) ás carencias no cadro de persoal do Servizo de Museos Municipais (que conta cos seguintes postos vacantes: 1 administrativo/a, 1 auxiliar administrativo/a, a dirección do Verbum-Casa das Palabras (A1) e 1 técnico medio de actividades culturais (A2), posto que non figura no cadro de persoal de 2014); b) a mínima dotación de recursos humanos no Servizo de Museos (1 xefe de unidade e 1 posto administrativo); c) a atención simultánea a diversas funcións, equipamentos e actividades polo Servizo de Museos; d) a prioridade na xestión do contrato de vixilancia de seguridade nas dependencias da Rede de Museos Municipais (de maior complexidade, alcance económico e de seguridade do patrimonio artístico e cultural municipal), xa adxudicado e coas prestacións do servizo xa iniciadas dende o día 1 de setembro; e) as varias reconsideracións do obxecto contractual e rectificacións de memorias xustificativas e pregos de prescricións técnicas do expediente de contratación iniciado.

A data de hoxe o expediente 936/341 para a contratación de “servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais” está en proceso de tramitación no servizo de Contratación, co informe de necesidade e idoneidade do contrato, prego de bases técnicas particulares e memoria xustificativa correspondente, despois de varias revisións da memoria xustificativa, obxecto e pregos de prescricións técnicas; conformados polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.

Os prezos unitarios dos servizos facturados de atención ao público correspóndense con prezos actuais do mercado e por aplicación de convenio de empresa resultan inferiores a outros que se están a aplicar no sector.

O gasto derivado das prestacións destes servizos pode aplicarse á partida 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público" (RC 25720) do actual exercicio económico; sen que impida ou limite as restantes necesidades mínimas do servizo de Museos neste exercicio orzamentario.

Por todo iso, á vista das circunstancias concorrentes, co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 653314120274, de 18.234,58 € (dezaoito mil douscentos trinta e catro euros con cincuenta e oito céntimos), a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados á partida 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público" (RC 25720).

2.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de 18.234,58 € (dezaoito mil douscentos trinta e catro euros con cincuenta e oito céntimos), en concepto de prestación do servizo de atención ao público na Pinacoteca "Francisco Fernández del Riego" durante os meses de outubro-decembro de 2014, con cargo á partida 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público".

3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, a factura 653314120274, de 18.234,58 € (dezaoito mil douscentos trinta e catro euros con cincuenta e oito céntimos) con cargo á partida 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público".

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(1606).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS, S.A., POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NO VERBUM-CASA DAS PALABRAS NO PERÍODO OUTUBRO-DECEMBRO 2014. EXPTE. 2359/340.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de fiscalización e xurídico, ambos do 22/12/14, dáse conta do informe-proposta do 19/12/14, do director administrativo do VERBUM-Casa das Palabras, conformado polo xefe de Museos, polo xefe do servizo de Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

"Con data 19 de decembro de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos resolveu que pola dirección administrativa do Verbum se inicie o expediente para indemnización substitutiva a favor da empresa Servicios Securitas SA pola realización de servizos de atención ao público no Verbum-Casa das Palabras, realizados fóra de relación contractual, no período outubro-decembro de 2014; presentada no Rexistro Xeral do Concello con data 18 de decembro de 2014. Os servizos facturados contan coa conformidade da dirección administrativa do Verbum e da xefatura do Servizo de Museos Municipais.

Durante o exercicio 2010 estábanse a tramitar os procedementos para a contratación de servizos de atención ao público: por unha parte, dende o servizo de Cultura para a Casa das Artes e a Casa Galega

da Cultura e por outra parte, dende o servizo de Verbum-Casa das Palabras, con destino a servizos de natureza semellante para esa dependencia; daquela os servizos estaban a prestarse fóra da relación contractual que tiña vencido anteriormente. Con data 2 de agosto de 2011 recibíuse na unidade de Cultura o expediente 12584/331 "Contratación da prestación de servizos de atención ao público en dependencias e actividades da unidade de Cultura" remitido pola Asesoría Xurídica para aclaración de diversos aspectos sobre a documentación preparatoria, previa á emisión do preceptivo informe xurídico.

Con data 10 de agosto de 2011, a concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar resolvera: 1.Desistir de continuar co proceso de licitación dos contratos de atención ao público e/ou vixancia de dependencias que se atopen en tramitación nestes intres nos servizos dependentes da Área de Cultura e Festas: Servizo de Cultura e Bibliotecas, Verbum, Museo de Castrelos. 2.- Remitir os citados expedientes ao xefe do servizo de xestión e promoción cultural (330) para o seu estudo e valoración, co obxectivo de iniciar un novo procedemento de contratación de servizos de atención ao público e/ou vixancia de dependencias das unidades dependentes da Área de Cultura e Festas, dacordo cos criterios de mellora do aproveitamento e optimización dos recursos, unificación de criterios de prestación dos servizos que conforman a rede museística do Concello e Vigo e de optimización do gasto público. 3.- Comunicar esta resolución aos responsables dos servizos implicados para que den traslado dos expedientes completos antes do 1 de setembro.

"Con data 10 de xullo de 2012, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolveu autorizar diversas redenominações de postos, readscripcións e traslados de persoal dentro do Área de Cultura e Festas, en virtude das que se conforma unha nova organización do Servizo de Museos Municipais. A xefatura do Servizo de Museos Municipais, desa nova organización, emitíu informe á concelleira-delegada da Área, con data 5 de setembro de 2012, relativo á necesidade de normalizar a situación contractual dos servizos de atención ao público nas dependencias da rede museística e expositiva do Concello de Vigo; á vez que de informaba sobre conveniencia e idoneidade da contratación dos citados servizos.

Na mesma data a concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas resolveu "que polo xefe do servizo de museos municipais se inicie o expediente para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias e actividades dos centros e servizos integrados na rede museística e expositiva da Área de Cultura e Festas (Museo Municipal "Quiñones de León", Pinacoteca "Francisco Fernández del Riego, Casa das Artes, Casa Galega da Cultura, Verbum-Casa das Palabras e outras que se consideren)". Con data 28 de febreiro de 2013 o concelleiro-delegado resolveu a continuidade do procedemento de contratación definindo un período de tres anualidades prorrogables por outras tres.

A principio desta anualidade de 2014 o concelleiro-delegado da Área, naquel momento, considerou necesaria a continuidade da prestación do servizo de atención ao público, na Casa das Artes e Casa Galega da Cultura, coas mesmas características que se viñan prestando ata o daquela, coa empresa de servizos de atención ao público, Servicios Securitas S.A., que realizaba o servizo con total corrección, polo que lle solicitou presuposto para a continuación da prestación do servizo en dependencias da rede museística. Durante esta anualidade o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos tamén ratificou a continuidade das prestacións dos servizos de atención ao público; para evitar o peche ao público de equipamentos que ademais de prestar servizos culturais difunden as coleccións artísticas do patrimonio municipal.

A demora na xestión do procedemento de contratación para normalizar a situación contractual dos servizos de atención ao público débese a varios factores: a) ás carencias no cadro de persoal do Servizo de Museos Municipais (que conta cos seguintes postos vacantes: 1 administrativo/a, 1 auxiliar administrativo/a, a dirección do Verbum-Casa das Palabras (A1) e 1 técnico medio de actividades culturais (A2), posto que non figura no cadro de persoal de 2014); b) a mínima dotación de recursos humanos no Servizo de Museos (1 xefe de unidade e 1 posto administrativo); c) a atención simultánea a

diversas funcións, equipamentos e actividades polo Servizo de Museos; d) a prioridade na xestión do contrato de vixilancia de seguridade nas dependencias da Rede de Museos Municipais (de maior complexidade, alcance económico e de seguridade do patrimonio artístico e cultural municipal), xa adxudicado e coas prestacións do servizo xa iniciadas dende o día 1 de setembro; e) as varias reconsideracións do obxecto contractual e rectificacións de memorias xustificativas e pregos de prescricións técnicas do expediente de contratación iniciado.

A data de hoxe o expediente 936/341 para a contratación de “servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais” está en proceso de tramitación no servizo de Contratación, co informe de necesidade e idoneidade do contrato, prego de bases técnicas particulares e memoria xustificativa correspondente, despois de varias revisións da memoria xustificativa, obxecto e pregos de prescricións técnicas; coas conformidades do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.

Os prezos unitarios dos servizos facturados de atención ao público correspóndense con prezos actuais do mercado e por aplicación de convenio de empresa resultan inferiores a outros que se están a aplicar no sector.

O gasto derivado das prestacións destes servizos pode aplicarse á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público” (RC 25720) do actual exercicio económico; sen que impida ou limite as restantes necesidades mínimas do servizo de Museos neste exercicio orzamentario.

Por todo iso, á vista das circunstancias concorrentes, co conforme do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 653314120275, de 15.460,34 € (quinze mil catrocentos sesenta euros con trinta e catro céntimos), a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público” (RC 25720).

2.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de 15.460,34 € (quinze mil catrocentos sesenta euros con trinta e catro céntimos), en concepto de prestación do servizo de atención ao público no Verbum-Casa das Palabras durante os meses de outubro-décembro de 2014, con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, a factura 653314120275, de 15.460,34 € (quinze mil catrocentos sesenta euros con trinta e catro céntimos) con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1607).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS, S.A., POLOS SERVICIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS CULTURAIS NO PERÍODO OUTUBRO-DECEMBRO 2014. EXPTE. 1030/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de fiscalización e xurídico, ambos do 22/12/14, dáse conta do informe-proposta do 19/12/14, do xefe de Museos municipais, conformado polo xefe do servizo de Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“Con data 19 de decembro de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos resolveu que polo xefe do Servizo de Museos Municipais se inicie o expediente para indemnización substitutiva a favor da empresa Servicios Securitas SA pola realización de servizos de atención ao público en dependencias culturais (Casa das Artes e Casa Galega da Cultura), realizados fóra de relación contractual, no período outubro-decembro de 2014; presentada no Rexistro Xeral do Concello con data 18 de decembro de 2014. Os servizos facturados contan coa conformidade do xefe do Servizo de Museos Municipais.*

*Durante o exercicio 2010 estábanse a tramitar os procedementos para a contratación de servizos de atención ao público: por unha parte, dende o servizo de Cultura para a Casa das Artes e a Casa Galega da Cultura e por outra parte, dende o servizo de Verbum-Casa das Palabras, con destino a servizos de natureza semellante para esa dependencia; daquela os servizos estaban a prestarse fóra da relación contractual que tiña vencido anteriormente. Con data 2 de agosto de 2011 recibíuse na unidade de Cultura o expediente 12584/331 “Contratación da prestación de servizos de atención ao público en dependencias e actividades da unidade de Cultura” remitido pola Asesoría Xurídica para aclaración de diversos aspectos sobre a documentación preparatoria, previa á emisión do preceptivo informe xurídico.*

*Con data 10 de agosto de 2011, a concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar resolvera: 1.Desistir de continuar co proceso de licitación dos contratos de atención ao público e/ou vixiancia de dependencias que se atopen en tramitación nestes intres nos servizos dependentes da Área de Cultura e Festas: Servizo de Cultura e Bibliotecas, Verbum, Museo de Castrelos. 2.- Remitir os citados expedientes ao xefe do servizo de xestión e promoción cultural (330) para o seu estudo e valoración, co obxectivo de iniciar un novo procedemento de contratación de servizos de atención ao público e/ou vixiancia de dependencias das unidades dependentes da Área de Cultura e Festas, dacordo cos criterios de mellora do aproveitamento e optimización dos recursos, unificación de criterios de prestación dos servizos que conforman a rede museística do Concello e Vigo e de optimización do gasto público. 3.- Comunicar esta resolución aos responsables dos servizos implicados para que den traslado dos expedientes completos antes do 1 de setembro.*

*Con data 10 de xullo de 2012, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolveu autorizar diversas redenominacións de postos, readscripcións e traslados de persoal dentro do Área de Cultura e Festas, en virtude das que se conforma unha nova organización do Servizo de Museos Municipais. A xefatura do Servizo de Museos Municipais, desa nova organización, emitíu informe á concelleira-delegada da Área, con data 5 de setembro de 2012, relativo á necesidade de normalizar a situación contractual dos servizos de atención ao público nas dependencias da rede museística e expositiva do Concello de Vigo; á vez que de informaba sobre conveniencia e idoneidade da contratación dos citados servizos.*

*Na mesma data a concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas resolveu “que polo xefe do servizo de museos municipais se inicie o expediente para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias e actividades dos centros e servizos integrados na rede museística e expositiva da Área de Cultura e Festas (Museo Municipal “Quiñones de León”, Pinacoteca “Francisco Fernández del Riego, Casa das Artes, Casa Galega da Cultura, Verbum-Casa das Palabras e outras que se consideren)”. Con data 28 de febreiro de 2013 o concelleiro-delegado resolveu a continuidade do procedemento de contratación definindo un período de tres anualidades prorrogables por outras tres.*

*A principio desta anualidade de 2014 o concelleiro-delegado da Área, naquel momento, considerou necesaria a continuidade da prestación do servizo de atención ao público, na Casa das Artes e Casa Galega da Cultura, coas mesmas características que se viñan prestando ata o daquela, coa empresa de servizos de atención ao público, Servicios Securitas S.A., que realizaba o servizo con total corrección, polo que lle solicitou presuposto para a continuación da prestación do servizo en dependencias da rede museística. Durante esta anualidade o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos tamén*



*ratificou a continuidade das prestacións dos servizos de atención ao público; para evitar o peche ao público de equipamentos que ademais de prestar servizos culturais difunden as coleccións artísticas do patrimonio municipal.*

*A demora na xestión do procedemento de contratación para normalizar a situación contractual dos servizos de atención ao público débese a varios factores: a) ás carencias no cadro de persoal do Servizo de Museos Municipais (que conta cos seguintes postos vacantes: 1 administrativo/a, 1 auxiliar administrativo/a, a dirección do Verbum-Casa das Palabras (A1) e 1 técnico medio de actividades culturais (A2), posto que xa non figura no cadro de persoal de 2014); b) a mínima dotación de recursos humanos no Servizo de Museos (1 xefe de unidade e 1 posto administrativo); c) a atención simultánea a diversas funcións, equipamentos e actividades polo Servizo de Museos; d) a prioridade na xestión do contrato de vixilancia de seguridade nas dependencias da Rede de Museos Municipais (de maior complexidade, alcance económico e de seguridade do patrimonio artístico e cultural municipal), xa adxudicado e coas prestacións do servizo xa iniciadas dende o día 1 de setembro; e) as varias reconsideracións do obxecto contractual e rectificacións de memorias xustificativas e pregos de prescricións técnicas do expediente de contratación iniciado.*

*A data de hoxe o expediente 936/341 para a contratación de “servizos de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais” está en proceso de tramitación no servizo de Contratación, co informe de necesidade e idoneidade do contrato, prego de prescricións técnicas e memoria xustificativa correspondente (despois de varias revisións da memoria xustificativa, obxecto e pregos de prescricións técnicas); coas conformidades do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.*

*Os prezos unitarios dos servizos facturados de atención ao público correspóndense con prezos actuais do mercado e por aplicación de convenio de empresa resultan inferiores a outros que se están a aplicar no sector.*

*O gasto derivado das prestacións destes servizos pode aplicarse á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público” (RC 25720) do actual exercicio económico; sen que impida ou limite as restantes necesidades mínimas do servizo de Museos neste exercicio orzamentario.*

*Por todo iso, á vista das circunstancias concorrentes, co conforme do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, faise a seguinte*

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

*1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 653314120276, de 16.968,02 € (dezaseis mil novecentos sesenta e oito euros con dous céntimos), a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público” (RC 25720).*

*2.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de 16.968,02 € (dezaseos mil novecentos sesenta e oito euros con dous céntimos), en concepto de prestación do servizo de atención ao público en dependencias culturais (Casa das Artes e Casa Galega da Cultura) durante os meses de outubro-décembro de 2014, con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.*

*3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, a factura 653314120276, de 16.968,02 € (dezaseos mil novecentos sesenta e oito euros con dous céntimos) con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.*

**Acordo:**

**A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.**

**5(1608).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN AO CLUB ATLETISMO VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DA CARREIRA POPULAR “SAN SILVESTRE SOLIDARIA” O 28 DE DECEMBRO. EXPTE. 13521/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/12/14, do director deportivo do IMD, asinado xuridicamente polo secretario de Admon. Municipal e conformado polo concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

*“A Concellería de Deportes e o Club Atletismo Vigo con (CIF:G36911035) solicitou o día 11-11-2014, a través do Rexistro Municipal (Doc.140137392) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: CARREIRA POPULAR SAN SILVESTRE SOLIDARIA*
- *Data: 28 de decembro de 2014*
- *Horario:*
- *Inicio e fin evento:09.30 h a 14.00h*
- *Inicio do Montaxe:10.00h.*
- *Fin do desmontaxe:14.00h.*

*A entidade solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenará ás 10.00 horas e terá a súa saída dende a Plaza de Compostela, seguindo por Areal, Colón, Pontevedra, Areal, Concepción Areal, Pza Compostela, García Olloqui para rematar na Pza de Compostela.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

**2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*A entidade solicitante deberá cumprir as “Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos” aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003.*

*Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

**PROPOSTA DE ACORDO:**

*Autorizar ao Club Atletismo Vigo xunto a Concellería de Deportes a organizar o vindeiro domingo 28 de decembro de 2014, a carreira denominada CARREIRA POPULAR SAN SILVESTRE SOLIDARIA, ás 10.00 horas dita carreira terá a súa saída dende a Plaza de Compostela, seguindo por Areal, Colón, Pontevedra, Areal, Concepción Areal, Pza Compostela, García Olloqui para rematar na Pza de Compostela .*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(1609).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA VIGUÉS PARA A ORGANIZACIÓN DA CARREIRA “BICIS NO NADAL” O 04/01/2015. EXPTE. 13508/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/12/14, do director deportivo do IMD, asinado xuridicamente polo secretario de Admon. Municipal e conformado polo concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES:**

- *A entidade Club Ciclista Vigués con (CIF:G36650885) solicitou o día 4-11-2014, a través do Rexistro Municipal (Doc.140133988) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*
- *Nome do evento: BICIS NO NADAL*
- *Data: 4 DE XANEIRO DE 2014*
- *Horario:*
- *Inicio e fin evento:10.30 h a 14.00h*
- *Inicio do Montaxe:09.00h.*
- *Fin do desmontaxe:14.00h.*

*A entidade solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenza ás 10.30 horas e que percorrerá por Concepción Areal, Colón, Policarpo Sanz, Elduayen, Paseo de Alfonso, Pi y Margall, López Mora, Camelias, Pza de América, Castelao(xiro na rotonda a altura rúa O Grove), Pza. América, Gran Vía, Pza de España, Pizarro, Travesía de Vigo, Avda. Buenos Aires, Sanjurjo Badía, Avda. García Barbón, Isaac Peral, Areal, para chegar de novo a Concepción Areal.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

A entidade solicitante deberá cumprir as "Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos" aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Ciclista Vigüés a organizar o vindeiro domingo 4 de xaneiro de 2015, a carreira denominada BICIS NO NADAL a carreira comenará ás 10.30 horas e terá a súa saída dende a rúa Concepción Areal para seguir por Colón, Policarpo Sanz, Elduayen, Paseo de Alfonso, Pi y Margall, López Mora, Camelias, Pza de América, Castela(xiro na rotonda a altura rúa O Grove), Pza. América, Gran Vía, Pza de España, Pizarro, Travesía de Vigo, Avda. Buenos Aires, Sanjurjo Badía, Avda. García Barbón, Isaac Peral, Areal, ata chegar de novo a rúa Concepción Areal."

## Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **7(1610).- SUBSANACIÓN ERRO DE TRANSCRICIÓN NÚMS. DNI/NIF, ACORDO XGL DO 15/12/14. EXPTE. 11454/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18/12, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro de Emprego e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

"O 15 de decembro aprobouse en Xunta de Goberno Local o outorgamento de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa xestionadas pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado na que se concederon axudas económicas por un importe total de 28410 €.

Segundo o acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 18.12.2014, que se achega no expediente, se indica a necesidade de subsanar o erro na transcripción dos DNI/CIF das empresas solicitantes destas axudas.

Desta maneira, os DNI/CIF das axudas a conceder se corresponden co cadro seguinte:

NÚM. EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF Incorrecto	DNI/CIF Correcto
11377/77	LA PEZERA DE VIGO, SL	36133430Q	B27760859
11378/77	Mª DOLORES FRANCO GONZÁLEZ	B95043600	76416666V
11381/77	PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, SA	F36861656	A36602837

E os DNI/CIF das axudas a denegar se corresponden co cadro seguinte:

NÚM. EXPTE.	NOME E APELIDOS	DNI/CIF Incorrecto	DNI/CIF Correcto
11376/77	M <sup>a</sup> PILAR SÍO REY	G36624120	36008375N
11379/77	M <sup>a</sup> JESÚS LOUREIRO VARELA	36125103S	36162381X
11380/77	DANIEL VALDÉS VILCHES	A36629020	25102711M

Por todo o exposto, e en base á acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 18.12.2014 propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Propoñer a modificación do acordo de Xunta de Goberno Local do 15 de decembro de 2014 para subsanar o erro na transcripción do DNI/CIF ás empresas solicitantes e substituír os contidos polos seguintes:

EXPEDIENTE	EMPRESA	DONDE DÍ	DEBE DICIR
11377/77	LA PEZERA DE VIGO, SL	36133430Q	B27760859
11378/77	M <sup>a</sup> DOLORES FRANCOS GONZÁLEZ	B95043600	76416666V
11381/77	PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, SA	F36861656	A36602837
11376/77	M <sup>a</sup> PILAR SÍO REY	G36624120	36008375N
11379/77	M <sup>a</sup> JESÚS LOUREIRO VARELA	36125103S	36162381X
11380/77	DANIEL VALDÉS VILCHES	A36629020	25102711M

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1611).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DA “RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ALONSO OJEDA. EXPTE. 2777/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 16/12/14, do xefe de área conformado polo concelleiro de Fomento que di o seguinte:

“A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ALONSO OJEDA", foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 3 de decembro de 2014 co número de expediente 2.770/440 por importe de 93.046,46 € (IVE excluído).

En data 12 de decembro de 2014, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ALONSO OJEDA", cos datos requiridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 2.777/440

Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.

NIF: A28849495.

Orzamento de execución material: 78.190,30 €

Orzamento de contrata: 93.046,46 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 2 meses.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.

Clasificación do contratista: non se esixe.

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia Técnica: ESIMPRO.

Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.

Coordinación de Seguridade e Saúde: PROYEGAL"

A Xunta de Goberno Local queda informada.

## **9(1612).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NO CASCO URBANO. FASE 2". EXPTE. 2547/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 15.12.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

### *Antecedentes*

I.- A Xunta de Goberno Local de data 31 de xaneiro de 2014, previo informe técnico do enxeñeiro municipal de data 27 de xaneiro de 2014 e orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento da mesma data, acordou encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga a redacción do Proxecto para a "Renovación das redes de saneamento e abastecemento no Casco Urbano, fase 2".

II.- En cumprimento de dito acordo en data 14 de novembro de 2014, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA-FCC" - no sucesivo a Concesionaria- presentou proxecto redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos da consultoría de enxeñería "GALAICONTROL", D<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez cun orzamento de 782.030,58 euros, IVE excluído.

III.- Coa mesma data, a Concesionaria presenta detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 38.825,56 euros, IVE excluído.

#### Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- O acordo sobre prórroga da concesión administrativa da xestión integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento da Auga adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de novembro de 2011, contiña o compromiso da Concesionaria de levar a cabo un plan de investimentos valorado por anualidades. No mesmo se contemplaba que as actuacións derivadas do mesmo se concretarían nos proxectos técnicos que se consideren de urxencia e execución inaprazable, acordados pola Xunta de Goberno Local previo informe dos servizos técnicos municipais, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento. Dentro dos investimentos a realizar na anualidade de 2014, encomendouse á Concesionaria a redacción do presente proxecto.

Para garantir un nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8 de marzo de 2013, aprobou un protocolo de control das obras inherentes aos distintos plans de investimentos da concesión. Por isto, sen perxuízo de encomendar á Concesionaria a redacción do proxecto, prevé que o mesmo sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local (a proposta da súa dirección técnica, que deberá contar co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento), que será tamén quen ordee á Concesionaria a inclusión da actuación no plan de investimentos e a tramitación do expediente de contratación.

Segundo.- O proxecto técnico constitúe un elemento esencial no contrato de obras en canto define o obxecto do mesmo. Neste caso o obxecto son as obras de renovación das redes de saneamento e abastecemento no Casco Urbano, fase 2. O prazo estimado para a execución das obras é de 4 meses.

O artigo 123 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) determina o contido obrigatorio dos proxectos. Ao respecto, consta no expediente informe favorable da oficina de supervisión de proxectos emitido polo enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, o 11 de decembro de 2014, no que indica que a documentación do proxecto está completa, tendo en conta as disposicións xerais de carácter legal así como a normativa técnica de aplicación. Ao expediente debe incorporarse o replanteo do proxecto unha vez aprobado o mesmo.

Terceiro.- Respecto aos prezos das unidades de obra, a Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de marzo de 2013 aprobou o cadro de prezos ao que quedan suxeitos a elaboración dos orzamentos que conformen os proxectos que se executen no plan de investimentos asociados á prórroga.

No informe técnico de supervisión do proxecto emitido polo referido enxeñeiro municipal en data 11 de decembro de 2014 consta que os prezos unitarios incluídos no proxecto son adecuados para a execución do contrato, e se axustan ao referido cadro de prezos e tamén aos prezos xerais do mercado.

Cuarto.- Respecto aos custos asociados ao proxecto presentados pola Concesionaria, consta no expediente informe do enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, de data 11 de decembro de 2014, indicando que as porcentaxes relativas aos honorarios dos traballos de redacción de proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde respecto do PEM do proxecto

correspóndense cos ratios que utiliza a Área de Fomento aprobados pola Xunta de Goberno Local o 8 de marzo de 2013.

Quinto.- Previamente a someter o proxecto á Xunta de Goberno Local o mesmo debe ser remitido á Intervención municipal, en cumprimento do previsto no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico – que inclúe memoria, proxecto e presuposto- para executa-las obras de RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NO CASO URBANO. FASE 2 por un importe total de 782.030,58 euros (IVE excluído), con cargo ao Plan de Investimentos recollido no acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 38.825,56 euros con exclusión do IVE, de acordo co seguinte detalle:

Custe asociado	Responsable do traballo	Honorarios
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	13.143,37 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	13.143,37 €
Coordinación de seguridade e saúde	CSM	3.285,84 €
	SUMA	29.572,58 €
	11% Gastos de Xestión	3.252,98 €
	TOTAL (IVE excluído)	32.825,56 €

Terceiro.- O presente acordo notifíquese a Aqualia-FCC da forma legalmente establecida.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10(1613).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO F-00473-C-008. EXPTE. 6610/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/12/14, da xefa do servizo conformado pola concelleira-delegada de área que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de “Vivendas tuteladas” ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: F-00473-C-006, F-00473-C-007, e F-00473-C-008.

O día 19 de decembro de 2014 o equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller emite informe no que se expón a problemática familiar de D<sup>a</sup> Celia Soledad Mbang



*Nfube, vítima de violencia de xénero e acollida no Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero desde o día 13 de setembro de 2014, e se reflicte a necesidade de procurarlle un recurso alternativo de acollemento temporal a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido e conformado polos servizos municipais de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada co número F-00473-C-008, co obxecto de que D<sup>a</sup> Celia Soledad Mbang Nfube con número de pasaporte X4518563Y a ocupe por un período de 6 meses, a contar desde o 23/12/2014, transcurridos os cales deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.*

*Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.*

*Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*“Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-008 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 6610-224, por un período de 6 meses, transcurridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1614).- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NOS MESES SETEMBRO-DECEMBRO 2014. EXPTE. 10724/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 17/12/14, do xefe do servizo de Medio Ambiente conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

*“Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31.<sup>a</sup> das normas xerais de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte*

**PROPOSTA:**

*Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor, no servizo de Medio Ambiente, autorizados pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Xuventude de outubro a decembro de 2014.*

EXPTE.	PARTIDA	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
10536/306	1720.227.99.08	CMSER	Organización e execución de accións de voluntariado e sensibilización medioambiental	Xermolo Dinamización Sociocultural, SL	17.768,85 €
10654/306	1720.227.99.08	CMSUB	Avituallamento aos participantes do programa Camiño a Camiño	Varios	1.100,00 €
10658/306	1720.227.99.08	CMSER	Elaboración dun vídeo e fotografías para coñecemento do programa Camiño a Camiño	Varios	900,00 €

10652/306	1721.227.99.00	CMSER	CM para cumprimentar os cuestionarios e demais info precisa para solicitude Bandeiras Azuis 2015	Novocontorno, SL	3.296,40 €
-----------	----------------	-------	--	------------------	------------

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**12(1615).- PROXECTO DE RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA AVDA. CAMELIAS, FASE II, TRAMO PRAZA AMÉRICA-PRAZA INDEPENDENCIA. EXPTE. 2651/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 15.12.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

*Antecedentes*

I.- *A Xunta de Goberno Local de data 27 de xuño de 2014, previo informe técnico do enxeñeiro municipal de data 18 de xuño de 2013 e orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento de data 20 de xuño, acordou encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga a redacción do proxecto para a "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na Rúa Camelias, fase 3, entre Praza América e Praza da Independencia".*

II.- *En cumprimento de dito acordo en data 12 de decembro de 2014, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA-FCC" - no sucesivo a Concesionaria- presentou proxecto redactado polos Arquitectos superiores D. Salvador Fraga Rivas, D. Fco. Javier García-Quijada Romero e D. Manuel Portolés Sanjuán da consultoría "Fraga, G. Quijada, Portolés y Asdos. S.L.P." cun orzamento de 1.866.400,77 euros, IVE excluído.*

III.- *Coa mesma data, a Concesionaria presenta detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 78.341,78 euros, IVE excluído.*

*Fundamentos Xurídicos*

*Primeiro.- O acordo sobre prórroga da concesión administrativa da xestión integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento da Auga adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de novembro de 2011, continúa o compromiso da Concesionaria de levar a cabo un plan de investimentos valorado por anualidades. No mesmo se contemplaba que as actuacións derivadas do mesmo se concretarían nos proxectos técnicos que se consideren de urxencia e execución inaprazable, acordados pola Xunta de Goberno Local previo informe dos servizos técnicos municipais, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento. Dentro dos investimentos a realizar na anualidade de 2014, encomendouse á Concesionaria a redacción do presente proxecto.*

*Para garantir un nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8 de marzo de 2013, aprobou un protocolo de control das obras inherentes aos distintos plans de investimentos da concesión. Por isto, sen perxuízo de encomendar á Concesionaria a redacción do proxecto, prevé que*

*o mesmo sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local (a proposta da súa dirección técnica, que deberá contar co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento), que será tamén quen ordee á Concesionaria a inclusión da actuación no plan de investimentos e a tramitación do expediente de contratación.*

*Segundo.- O proxecto técnico constitúe un elemento esencial no contrato de obras en canto define o obxecto do mesmo. Neste caso o obxecto son as obras de renovación das redes de saneamento e abastecemento na Rúa Camelias. Fase III. O prazo estimado para a execución das obras é de 6 meses.*

*O artigo 123 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) determina o contido obrigatorio dos proxectos. Ao respecto, consta no expediente informe favorable da oficina de supervisión de proxectos emitido polo enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, o 15 de decembro de 2014, no que indica que a documentación do proxecto está completa, tendo en conta as disposicións xerais de carácter legal así como a normativa técnica de aplicación. Ao expediente debe incorporarse o replanteo do proxecto unha vez aprobado o mesmo.*

*Terceiro.- Respecto aos prezos das unidades de obra, a Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de marzo de 2013 aprobou o cadro de prezos ao que quedan suxeitos a elaboración dos orzamentos que conformen os proxectos que se executen no plan de investimentos asociados á prórroga.*

*No informe técnico de supervisión do proxecto emitido polo referido enxeñeiro municipal en data 15 de decembro de 2014 consta que os prezos unitarios incluídos no proxecto son adecuados para a execución do contrato, e se axustan ao referido cadro de prezos e tamén aos prezos xerais do mercado.*

*Cuarto.- Respecto aos custos asociados ao proxecto presentados pola Concesionaria, consta no expediente informe do enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, de data 15 de decembro de 2014, indicando que as porcentaxes relativas aos honorarios dos traballos de redacción de proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde respecto do PEM do proxecto correspóndense cos ratios que utiliza a Área de Fomento aprobados pola Xunta de Goberno Local o 8 de marzo de 2013.*

*Quinto.- Previamente a someter o proxecto á Xunta de Goberno Local o mesmo debe ser remitido á Intervención municipal, en cumprimento do previsto no artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

*Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico – que inclúe memoria, proxecto e presuposto- para executa-las obras de RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA CAMELIAS. FASE 3, ENTRE PRAZA DE AMÉRICA E PRAZA DA INDEPENDENCIA. por un importe total de 1.866.400,77 euros (IVE excluído), con cargo ao Plan de Investimentos recollido no acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.*

*Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 78.341,78 euros con exclusión do IVE, de acordo co seguinte detalle:*

Custe asociado	Responsable do traballo	Honorarios
----------------	-------------------------	------------

Redacción de proxecto	Fraga, G. Quijada, Portolés y asdos. S.L.P.	31.368,08 €
Asistencia técnica á D.O.	Fraga, G. Quijada, Portolés y asdos. S.L.P.	31.368,08 €
Coordinación de seguridade e saúde	PROYEGAL	7.842,02 €
	SUMA	70.578,18 €
	11% Gastos de Xestión	7.763,60 €
	TOTAL (IVE excluído)	78.341,78 €

Terceiro.- O presente acordo notifíquese a Aqualia-FCC da forma legalmente establecida.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(1616).- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE PROCEDIMENTO SANCIONADOR INCOADO Á ASOCIACIÓN EMPRESARIOS MERCADO DO BERBÉS. EXPTE. 18114/240.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 11.11.14, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRXAP).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *RD 2568/1986, de 20 novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais(ROF).*
- *RD 1398/1993, de 4 de agosto, Regulamento do procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora (RPS).*

### ANTECEDENTES

*PRIMEIRO.- A Sala do Contencioso Administrativo do TSXG, na súa sentenza nº 772/2014 de data 9.10.2014 (Procedemento ordinario nº 111/2009), fallou estimar en parte o recurso de apelación interposto contra a sentenza do Xulgado do Contencioso Adm. Nº 1 de Vigo, e condenou ó Concello de Vigo a tramitar e concluir o exp. 18114.240, ou o que teña que ser incoado de novo caso de ter caducado, no prazo de seis meses.*

*SEGUNDO.-Consultado o expediente administrativo no que se instruíu o procedemento sancionador, resultan os seguintes datos de interese para a análise da cuestión de caducidade plantexada:*

1.- O procedemento foi iniciado de oficio en data 4 de outubro de 2007 polo Concelleiro Delegado de Patrimonio que acordou a incoación dun expediente sancionador á Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés pola presunta comisión da infracción moi grave tipificada no nº 11 do apartado 2 da cláusula XIII do Prego de condicións que rexeu o concurso para a concesión da xestión e a explotación dos mercados municipais aprobado por acordo plenario de 30 de novembro de 1993. Resolución que lle foi notificada á interesada en data 18.10.2007.

2.- Instruído o procedemento, emitíuse polo instructor do expediente, en data 22.11.2007 proposta de resolución propoñendo: "1º.- Impoñer á Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés unha sanción de 4.497,07 euros pola comisión dunha infracción moi grave, tipificada nº 11 do apartado 2 da cláusula XIII do Prego de Condicións que rexeu o Concurso para a Concesión da Xestión e a Explotación dos Mercados Municipais (aprobado por acordo plenario de 30 de novembro de 1993), ó realizar obras sen autorización municipal no edificio do Mercado Municipal do Berbés. 2º.- Requirir á Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés para que, no prazo de tres meses, proceda a axustar o edificio e a actividade do Mercado ó seu estado orixinal anterior ao da realización das obras, con apercibimento, no caso de incumprimento, da posible declaración de caducidade da concesión (art. 136 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais)." Proposta notificada á interesada en data 3.12.2007.

3.- Non consta a adopción do acordo resolutorio polo órgano de goberno, atopándose pendente do trámite de asinamento da proposta polo Concelleiro Delegado, segundo resulta do programa de xestión de expedientes.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O procedemento administrativo incoado responde ó exercicio dunha potestade sancionadora administrativa que lle ven recoñecida polo ordeamento xurídico ás Entidades Locais (art. 4.1f LRBRL), regulada no Tit. IX da LRXAP e desenvolvida regulamentariamente no RD 1398/1993 do procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora. Asimesmo, establécese o deber de defensa e protección do patrimonio público, manifestado pola obrigación de exercitar as accións e prerrogativas administrativas das que é titular a administración local. (art 5 LRBRL, art 270 LALG, art.220 RO-FRJEL, e art. 9 RBEL).

O Artigo 127. da LRXAP dispón que: A potestade sancionadora das Administracións públicas, recoñecida pola Constitución, exerceráse cando fora expresamente recoñecida por unha norma con rango de Lei, con aplicación do procedemento previsto para o seu exercicio e de acordo co establecido neste título e, cando se trate de entidades locais, de conformidade co disposto no título XI da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Artigo 134. dí que o exercicio da potestade sancionadora requirirá procedemento legal ou regulamentariamente establecido. Neste senso, o RD 1398/1993 establece o procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora das AAPP.

No seu articulado dispónse que concluída, no seu caso, a proba, o órgano instructor do procedemento formulará proposta de resolución, que se notificará aos interesados, indicándolles a posta de manifesto do procedemento, concedéndoselles un prazo de quince días para formular alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes, tralo que se cursará a mesma ó órgano competente para resolver o procedemento, xunto con todos os documentos, alegacións e informacións que obren no mesmo.(art. 18 e 19 RPS).

O art. 20.6. de dito regulamento sinala que se non tivese recaído resolución transcorridos seis meses dende a iniciación, tendo en conta as posibles interrupcións do seu cómputo por causas imputables aos interesados ou pola suspensión do procedemento a que se refiren os artigos 5 e 7, iniciarase o cómputo do prazo de caducidade establecido no artigo 43.4 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas (LA LEY 3279/1992) e do Procedemento Administrativo Común.

Segundo.- O instituto da caducidade dos procedementos administrativos está previsto e regulado no art. 43 e 44 da L. 30/92 de RJAP y PAC, regulación que resulta de aplicación aos procedementos das Entidades Locais por remisión xenérica da súa normativa xurídica a favor da lexislación estatal sobre procedemento administrativo común (art. 146. do ROF), e expresamente no que se refire á caducidade, o previsto no art. 178 do ROF: La caducidad de los expedientes administrativos se regirá por la legislación sobre procedimiento administrativo común.

De acordo co previsto en ditas normas, nos procedementos iniciados de oficio, o vencemento do prazo máximo establecido sen que se tivera dictado e notificado resolución expresa non exime á Administración do cumprimento da obrigaón legal de resolver, producindo os seguintes efectos: 2. Nos procedementos nos que a Administración exercite potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame, producirase a caducidade. Nestes casos, a resolución que declare a caducidade ordeará o arquivo das actuacións, cos efectos previstos no artigo 92. (art. 44 LRJAP e PAC).

A teor diso, dende unha perspectiva formal, e en aplicación estricta da norma, no presente caso, tendo sido incoado de oficio o expediente sancionador e realizada súa fase instructora sen que se tivese ata a data, recaído acordo resolutorio, pode estimarse que formalmente o procedemento está incurso en causa de caducidade ao non apreciarse a concorrencia doutras circunstancias que xustifiquen a demora acaecida e conseguinte incumprimento da obrigaón de resolución do procedemento en prazo.

Caducidade do procedemento que require, no seu caso, ser declarada polo órgano administrativo ou xurisdiccional competente.

Terceiro.- A declaración de caducidade non produce por sí soa a prescripción das accións do particular ou da Administración, así como que os procedementos caducados non interrompen o prazo de prescripción, polo que non é obstáculo para a posibilidade de iniciar ou reiniciar outro procedemento sobre o mesmo obxecto dentro do prazo de prescripción nin, respecto aos interesados no procedemento, supoñe un recoñecemento dunha situación xurídica individualizada ou constitución de dereitos sobre os bens públicos obxecto do expediente. ( art. 44.1 e 92.3 da LRJAP e PAC).

Este precepto é categórico, e en modo algún é antagónico ao art. 44.2 da mesma Lei, que se limita a expresar que a caducidade levará consigo o arquivo das actuacións, o que en absoluto pode entenderse como causa impeditiva da apertura dun novo expediente sobre o mesmo obxecto se a infracción non prescribiu, toda vez que este último precepto remite aos efectos previstos no art. 92 cando se declare a caducidade ordeando arquivo das actuacións. En definitiva, a caducidade declarada dun procedemento sancionador non constitúe obstáculo algun para a posibilidade de iniciar ou reiniciar outro procedemento sobre o mesmo obxecto dentro do prazo de prescripción.

Neste senso, a doutrina legal fixada pola sala 3.ª Secc. 5.ª do TS, na súa sentenza do 12 xunio 2003, recoñece ditos efectos sobre o instituto da caducidade que non dá lugar en ningún caso a unha prescripción da acción administrativa, ou á caducidade ou decadencia de dereitos da administración, ao sinalar que:

«A declaración de caducidade e arquivo de actuacións establecidas para procedementos nos que a Administración exercite potestades sancionadoras, art. 44.2 da L 30/1992, non extinguen a acción da Administración para exercer as potestades aludidas nese precepto, séndolles plenamente aplicable o art. 92.3 da mesma Lei».

Cuarto.- En mérito ao exposto, pode chegarse á conclusión, de que no presente caso, coa actual situación de pendencia procedemental, procede declarar a caducidade do procedemento sancionador incoado, e dar traslado á Concellería delegada da Area de Comercio, para que de acordo coas atribucións que ten delegadas en materia dos mercados municipais, leve a cabo as actuacións que proceda para a execución da Sentenza ditada polo TSXG, incoando de ser o caso un novo procedemento sancionador.

Por tódolo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Declarar a caducidade do procedemento sancionador incoado, por Resolución do Concelleiro Delegado de Patrimonio do 4 de outubro do 2007, á Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés, pola presunta comisión dunha infracción moi grave tipificada no nº 11 do apartado 2 da cláusula XIII do Prego de condicións que rexeu o concurso para a concesión da xestión e a explotación dos mercados municipais, ao ter transcorrido o prazo legal previsto para a súa resolución, e proceder o arquivo do expediente.

SEGUNDO: Dar traslado á Concellería Delegada da Area de Comercio para as actuacións que correspondan na execución da sentenza de data 9.10.2014 do TSXG.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(1617).- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO Nº40056/212 E INCOACIÓN NOVO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO. EXPTE. 42774/212.**

Dáse conta do informe-proposta do 11.12.14, asinado polo secretario e o instructor do expediente disciplinario referido, que di o seguinte:

##### ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 21 de febreiro de 2014, adoptou o Acordo de:

1º Incoar expediente disciplinario contra os policías locais, con NIP 294463 Don Oscar González Vázquez e 294908 Don Siro García López, polos feitos acontecidos na Xefatura da Policía Local de Vigo o pasado 7/01/2014 ás 22:30 horas, dos que se reflicte a presunta comisión de dúas infraccións graves das previstas no art. 80 e) e a) da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais, na persoa do primeiro dos funcionarios; e unha falta leve das previstas no art. 81 b) do citado texto legal no segundo policía local. (expte 40056-212).

2º Nomear como instructor do expediente ao Inspector Principal da Policía Local de Vigo, D. Francisco Javier Carballo Acuña, e secretario ao Inspector do citado corpo, D. José María Álvarez Domínguez.

3º Notificar o citado Acordo ao instructor, secretario e aos funcionarios de policía expedientados, así como ao servizo de Persoal e á Xunta de Persoal.

*SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local por medio dos Acordos adoptados na sesión extraordinaria e urxente do 6 de marzo de 2014; e na sesión ordinaria de 21 de marzo de 2014, rectificou erros materiais do citado expediente.*

*TERCEIRO.- En execución de dito mandato, practicáronse no citado expediente (40056-212) as dilixencias de toma de declaración dos funcionarios expedientados, testigos, así como as peticións de informes que se estimaron convenientes con vistas á resolución do mesmo.*

*CUARTO.- As últimas actuacións practicadas tiveron lugar o 18 de xullo de 2014, notificando a proposta de resolución aos policías expedientados, así como ao Presidente do comité de persoal, indicando o prazo legal de dez días hábiles, a contar a partires do día seguinte á citada notificación, para tomar vista do expediente, obter copia do mesmo e presentar as alegación que conveñan na defensa dos seus dereitos.*

*Dende entón non se ten practicada ningunha actuación.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*PRIMEIRO.- O expediente 40056-212 tramitouse consonte as previsións da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, e tamén do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve aquela no concreto aspecto do procedemento disciplinario.*

*O art. 131 do Decreto 243/2008, indica que a caducidade do expediente producírase transcorridos seis meses dende a data do Acordo de incoación do expediente.*

*En virtude do exposto considero que débese declarar a caducidade do expediente.*

*SEGUNDO.- En virtude do previsto no artigo 84 da Lei 4/2007, as infraccións imputadas ao policía local con NIP 294463 non están prescritas, xa que as faltas graves prescriben ao ano desde a data da súa comisión.*

*TERCEIRO.- A infracción imputada ao policía NIP 294908, ao tenor do precepto anteriormente (artigo 84 da Lei 4/2007) atópase prescrita desde o 06 de febreiro de 2014.*

*En mérito de canto antecede, o funcionario que suscribe ven en elevanto á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

*1º.- Declarar a caducidade do expediente 40056-212, con arquivo de todo o actuado.*

*2º.- Dado que as infraccións imputadas ao funcionario da Policía Local NIP 294463 non están prescritas, ordease a incoación dun novo expediente disciplinario contra o citado funcionario, pola posible comisión de dúas infraccións graves:*

*1) Intento de influir no compañeiro con identificación 294908 para que non lle tramitara unha denuncia de rádar por exceso de velocidade o 06/01/2014, ao vehículo da súa propiedade matrícula 5369 GRF,*

*e*

*2) As expresións “vete a tomar por el culo imbécil” vertidas hacia o compañeiro 294908 e posterior puñetazo o colleja na nuca, tras manter unha acalorada discusión.*

*Ambas condutas poden constituir dúas faltas graves das previstas no art. 80 e), a) da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación das policía locais coa seguinte redacción:*



- 1) art. 80 e), "os actos e condutas que atenten gravemente contra a dignidade dos funcionarios, contra a imaxe dos corpos da Policía local e contra o prestixio e a consideración debidos ao Concello e á Xunta de Galicia"; e
- 2) art. 80 a), "A grave desconsideración cos superiores, compañeiros, subordinados ou cidadáns, no exercicio das súas funcións ou con ocasión delas".

3º Declarar a prescripción da falta leve imputada ao funcionario NIP 294908, ao estar prescrita dende o 06 de febreiro de 2014.

3º.- Nomear instrutor do mesmo ao funcionario de carreira con posto de traballo de Inspector Principal da Policía Local, D. Francisco Javier Carballo Acuña, e Secretario do expediente disciplinario ao Inspector D. José María Álvarez Domínguez.

4º.- A efectos da súa tramitación, ordear a incorporación das actuacións practicadas no expediente 40056-212 ó novo expediente 42774-212.

#### Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **15(1618).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L., POLO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO AO CUVI MEDIANTE LANZADEIRAS DENDE XANEIRO A XULLO 2014. EXPTE. 501/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 15.12.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 12.12.14, conformado polo concelleiro-delegado de Transportes, que di o seguinte:

*A empresa Viguesa de Transportes S.L. presenta no rexistro xeral do Concello na data 28 de novembro de 2014 a factura nº U/132 correspondente ao servizo de lanzadeiras ao campus universitario dos meses de xaneiro a xullo por un importe total de 552.609,02 € ive engadido.*

#### **ANTECEDENTES :**

*Na data 22 de novembro de 2013 polo Concelleiro-delegado de Fomento ditase resolución pola que se ordena a iniciación do expediente para a aprobación do mantemento da prestación do servizo de transporte urbano a cidade universitaria Lagoas-Marcosende mediante o sistema de autobuses lanzadeira dende a Praza de España e Praza de América ate o 31 de decembro do 2014.*

*Na data 5 de decembro de 2013 deuse traslado da iniciación do expediente a empresa Viguesa de Transportes S.L. Concesionaria do servizo para presentación de proposta de servizo con indicación de frecuencias e horarios .*

*Na data 26 de decembro de 2013 a empresa presenta proposta de servizo de conformidade cos estudos de ocupación realizados durante o curso 2012-2013 e os axustes realizados coa seguinte frecuencia e numero de viaxes :*

#### **LANZADEIRA DENDE A PRAZA DE AMÉRICA**

*nº de viaxes :71.*

*horas punta : 8.00-9.00h e 13.00-14.00 h frecuencia de 10 minutos*

*horas valle : frecuencia de 30 minutos*

#### LANZADEIRA DENDE A PRAZA DE ESPAÑA

nº de viaxes: 66.

horas punta : 8.00-9.00h e 13.00-14.00 h frecuencia de 15 minutos

horas valle : frecuencia de 30 minutos

Paralelamente e ante o escrito presentado pola empresa concesionaria na data 4 de novembro de 2013 adoptouse Acordo na Xunta de Goberno local na data 17 de xaneiro de 2014 no que no seu apartado oitavo aprobouse que se analice a posibilidade de mudar as novas prestacións que estean a prezo coche quilometro legal polo do prezo coche quilometro real ( custes asociados a explotación/nº de quilómetros ) incrementado nun 6% de beneficio industrial .

Na data 14 de abril de 2014 polo servizo de transportes formulouse informe-proposta para a inclusión do servizo a Cidade Universitaria Lagoas Marcosende no contrato do servizo publico de viaxeiros da cidade de Vigo fixándose as condicións do mesmo e adaptándose o disposto no apartado oitavo do citado Acordo .

A proposta citada foi remitida a Asesoría Xurídica municipal para a emisión do preceptivo informe o cal foi emitido na data 13 de maio de 2014 .

Posteriormente foi remitida a proposta a Intervención municipal para a emisión do preceptivo informe o que foi emitido na data 15 de maio de 2014 .

Na data 22 de maio de 2014 deuse traslado da proposta a empresa concesionaria Viguesa de Transportes S.L. presentando escrito de alegacións na data 4 de xuño de 2014 .

Examinadas as alegacións, forón estimadas en parte admitíndose a irretroactividade do acordo e fíxandose que o servizo proposto e as condicións do mesmo sexan de aplicación a partir dos servizos correspondentes ao curso 2014-2015.

Na Xunta de Goberno local de data 5 de setembro de 2014 adoptouse o seguinte acordo en relación co servizo de lanzadeiras :

1) Modificar o contrato do servizo publico de viaxeiros da cidade de Vigo incluíndo no mesmo o servizo de transporte a Cidade Universitaria Lagoas Marcosende mediante o sistema de lanzadeiras dende a praza de España e praza da América implantado na data 2 de maio de 2000 coas características definidas durante os últimos anos e as seguintes condicións :

#### LANZADEIRA DENDE A PRAZA DE AMÉRICA

nº de viaxes :71.

horas punta : 8.00-9.00h e 13.00-14.00 h frecuencia de 10 minutos

horas valle : frecuencia de 30 minutos

#### LANZADEIRA DENDE A PRAZA DE ESPAÑA

nº de viaxes: 66.

horas punta : 8.00-9.00h e 13.00-14.00 h frecuencia de 15 minutos

horas valle : frecuencia de 30 minutos

Os transbordos que se efectúen entre outras liñas e as lanzadeiras poderán realizarse durante un prazo de 75 minutos dende a cancelación do primeiro viaxe.

As frecuencias e horarios citados serán para os días lectivos de clases , propoñéndose outro servizo durante as datas de celebración dos exames axustado as necesidades e a demanda .

Os horarios e frecuencias anteriores poderán ser modificados por Resolución do Alcalde o Concelleiro Delegado de Transportes en función da demanda , ocupación e organización dos cursos lectivos .

As variacións non suporán en ningún caso aumento do custe do contrato .

2 ) Fixar como prezo coche quilometro para este servizo 4,50 € IVE engadido, prezo que poderá ser obxecto de modificación e actualización en función das variacións de custes .

3) De conformidade cos acordos adoptados con anterioridade mensualmente practicarase unha liquidación de acordo coa seguinte formula:

$(Pk*(Kn/Dn - Ko/Do) - Pbn*(Un/Dn - Uo/Do))*Dn$

Onde

Kn Km rodados ó mes en lanzadeiras + R7 (ano liquidación)

Ko Km rodados ó mes en CUVIS + R8 (ano referencia 1999-2000)

Un Nº usuarios lanzadeiras + R7 (ano liquidación)

Uo Nº usuarios CUVI + R8 (ano referencia 1999-2000)

Pbn Prezo billete

Pk Prezo coche-km

Dn Nº días lectivos/mes (ano liquidación)

Do Nº días lectivos/mes (ano referencia 1999-2000)

Se o resultado final da liquidación é menor que cero, VITRASA ingresalle ao Concello a cantidade resultante no prazo de 30 días, se é maior que cero facturaralle ao Concello a diferenza semestralmente .

4 )Aprobar o gasto,e a dispoñibilidade do crédito que se derive do contido da modificación do servizo proposta até un importe de 1.450.000 € con cargo á partida 44104700000 Subvención Lanzadeiras do orzamento vixente correspondente ao ano 2014 .

5 )As liquidacións de conformidade coas novas condicións do servizo efectuaranse a partir da data de adopción do presente acordo e mensualmente

O servizo, por razóns de interés publico, continuó prestándose ininterrumpidamente, nas mesmas condicións nas que viña prestándose dende maio do ano 2000 coas actualizacións efectuados cada ano e ate a finalización do curso 2013-2014 en xullo do ano 2014 .

A empresa concesionaria foi presentando as facturas correspondentes ao citado periodo que forón devoltas para o seu axuste o disposto no acordo de 17 de xaneiro de 2014 .

Non obstante e considerando que o acordo regulador do servizo foi adoptado na data 5 de setembro de 2014 e no mesmo establece que sera de aplicación o servizo nas novas condicións a partir da data de adopción do mesmo considerase que deben ser abonadas as facturas correspondentes ao servizo prestado nos meses de xaneiro a xullo e nas condicións anteriores polo que o seu abono deberá facerse polo sistema de indemnización substitutiva do gasto.

Na data 22 de setembro presentan factura que foi devolta para efectuar axustes na mesma en relación coa formula de liquidación do servizo .

En primeiro lugar informase que existe crédito suficiente para o pago do coste con cargo a partida 4410.470.00.00 - "Subvención Lanzaderas", do vixente orzamento municipal correspondente ao ano 2014

O importe da factura e correcto de conformidade coas condicións nas que se inicio o servizo, a formula recollida no acordo de iniciación, as modificacións efectuadas nos itinerarios e as revisions de prezos aprobadas anualmente .

Polo exposto e previo informe favorable da Intervención Municipal, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- APROBAR a indemnización sustitutiva por convalidación das actuacións a favor da empresa VIGUESA DE TRANSPORTES S.L. polo importe de 552.609,02 €, correspondiente as facturas de xaneiro a xullo polo servizo de transporte prestado a Cidade Universitaria, durante os citados meses del presente año, de conformidad coa Base 28ª de execución do Orzamento xeral para o exercicio 2014, con cargo a partida 4410.470.00.00 - "Subvención Lanzaderas".

2º.- RECOÑECER a debeda a favor da empresa VIGUESA DE TRANSPORTES S.L. por un importe total de 552.609,02 € polo concepto antes indicado, e con cargo a partida 4410.470.00.00 - "Subvención Lanzaderas" do vixente orzamento municipal para o ano 2014 .

#### Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(1619).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.